



Concello de Vilar de Barrio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, DUN/HA TÉCNICO/A EN ORIENTACIÓN LABORAL PARA A AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE XUNQUEIRA DE AMBIA, BAÑOS DE MOLGAS, VILAR DE SANTOS, SANDIÁS E VILAR DE BARRIO.

1ª. Obxecto da convocatoria.

A provisión polo procedemento de concurso de méritos dun posto de Técnico/a de Orientación Laboral no ámbito de desenvolvemento de actividades de orientación laboral que promoven a Agrupación de Concellos de Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Vilar de Santos, Sandiás e Vilar de Barrio, sendo o Concello de Vilar de Barrio a entidade promotora, en réxime de contratación laboral temporal, consonte á subvención concedida ao abeiro da Orde de 17 de decembro de 2019 , da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020 (DOG nº14 , de 22 de xaneiro de 2020).

A sede do Servizo de Orientación Laboral da Agrupación de Concellos de Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Vilar de Santos, Sandiás e Vilar de Barrio, establécese no Concello de Vilar de Barrio sito na Praza do Toural nº 10 Vilar de Barrio.

Segundo o establecido no Convenio de Colaboración asinado ao efecto, a persoa seleccionada deberá desprazarse un día á semana ao cada un dos concellos que integran á agrupación , é dicir un día a Xunqueira de Ambía, outro a Baños de Molgas, un a Vilar de Santos, a Sandiás e finalmente a Vilar de Barrio , onde contará cun despacho axeitado para a atención individualizada ás persoas demandantes do servizo en cada unha das dependencias.

2ª. Modalidade de contratación.

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal “contrato para obra ou servizo determinado”, previsto no artigo 15.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro e estará vinculado ao financiamento do servizo por parte da Xunta de Galicia, de tal xeito que o contrato declarárase extinguido no suposto de que o Concello de Vilar de Barrio deixe de prestar este servizo por calquera motivo, incluída a falta de financiamento externo do mesmo, antes da data de remate que se fixe.

A duración do contrato será de doce meses desde a súa formalización, cun prazo máximo de inicio do servizo con data 1de setembro de 2020.

No caso de que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda no exercicio seguinte a axuda para a mesma finalidade, e se contemple a posibilidade de prórroga, o Concello poderá optar por esta modalidade; en ningún caso a duración total do contrato poderá superar os tres anos de duración desde o seu inicio, ao abeiro do establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto





Concello de Vilar de Barrio

Refundido da lei do Estatuto dos Traballadores,

O importe da subvención concedida destinada para cubrir o custe do salario e da seguridade social do/a traballador/a ascende a contía de 25.000€ euros para un período de 12 meses.

A xornada laboral será a tempo completo consonte á establecida pola normativa vixente momento da formalización do contrato.

As funcións do posto serán as recollidas no artigo 3 da Orde de 17 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020 (DOG nº 14, de 22 de xaneiro 2020).

3ª. Requisitos.

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

-Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos de acordo co disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

-Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

-Estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, grao, enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a, segundo o establecido no artigo 12 da Orde de 17 de decembro de 2019, debendo ser acreditados co documento orixinal ou copia cotexada do título.

-Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos serán esixidos aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

-Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas

-Estar en posesión do permiso de conducir tipo B, que se acreditará a través do documento orixinal ou copia cotexada.

-Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como desempregado/a e estar inscrito na ocupación de Orientador/a profesional para a inserción.

- Acreditación do coñecemento da lingua galega, nivel Celga 4. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía se realizará unha proba escrita de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

-Requisitos de puntuación: Tal e como indica o artigo 12 da Orde é un requisito imprescindible que o candidato/a preseleccionado/a que se vaia a contratar acade unha puntuación mínima total no currículo





Concello de Vilar de Barrio

de 3,5 puntos, para o que se atenderá ao baremo establecido no citado artigo.

4ª. Presentación de ofertas e datas de realización das probas.

As persoas aspirantes estarán preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Xinzo de Limia, que remitirá candidatos/as previa oferta presentada por esta entidade, requirindo candidatos/as na ocupación de Orientador/a profesional para a inserción, coas titulacións descritas na base terceira e permiso de conducir B.

As persoas aspirantes deberán presentarse na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde), ou ben por chamamento do propio concello de Vilar de Barrio nas dependencias municipais da Casa do Concello de Vilar de Barrio (Praza do Toural nº 10, Vilar de Barrio).

Deberán achegar seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI
- Copia cotexada do título requirido nas presentes bases
- Copia cotexada do permiso de circulación clase B
- Currículo
- Copia cotexada dos méritos a valorar na preselección no Concello de Vilar de Barrio e na fase de avaliación do currículo polo Servizo de Orientación laboral da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, segundo o cadro establecido na base sexta das presentes bases.
- De posuílo, certificado de estar en posesión da titulación Celga 4 ou equivalente.

5ª. Tribunal cualificador.

O Tribunal Cualificador será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un presidente, 3 vogais e un secretario.

De conformidade co establecido no artigo 60 do TREBEP, o Tribunal Cualificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual; ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora farase por resolución da Alcaldía. Dita resolución publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Vilar de Barrio.

Para a válida constitución do Tribunal cualificador, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente e do secretario, ou de quen os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros, titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente do Tribunal Cualificador. Para os efectos de percepción de asistencias, o tribunal terá a categoría 2ª das





Concello de Vilar de Barrio

senaladas no real decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal cualificador resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015 de 1 de outubro. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións presentadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal Cualificador nas circunstancias e forma previstas na lei.

6ª. Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas.

O proceso selectivo constará de dúas partes diferenciadas:

I.- PRESELECCIÓN POLO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO

II.- AVALIACIÓN DO CURRÍCULUM DO PRESELECCIONADO POLO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO POLO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DA DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL.

I.- PRESELECCIÓN POLO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO

Por resolución da Alcaldía publicarase no Taboleiro de Edictos en na páxina web do Concello de Vilar de Barrio a relación de persoas aspirantes achegadas pola Oficina Pública de Emprego, a composición do Tribunal cualificador e data e hora na que se deberá constituír o mesmo, así como o día e hora para o comezo das probas selectivas (ENTREVISTA CURRICULAR) e PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (se é o caso) .

O proceso selectivo constará de dúas partes diferenciadas :

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo da comisión seleccionadora, e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocadas en chamamento único por orde alfabético, quedando excluídas as que non comparezan.

A.1 PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

En cumprimento do artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, as per aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título Celg durante o prazo establecido para a presentación de documentación, deberán someterse a unha proba





Concello de Vilar de Barrio

galego. A proba terá carácter escrito, sendo necesario obter a condición de Apto/a para non quedar eliminado/a da fase de oposición.

A.2 ENTREVISTA CURRICULAR

O Tribunal realizará unha entrevista curricular a todas as persoas aspirantes coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo. O Tribunal preguntará sobre aspectos do currículo, cuestións relativas ás funcións a desempeñar no posto de traballo, así como a súa actualización de coñecementos

A entrevista terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello.

A puntuación máxima é de 5 **puntos**.

A.3 VALORACIÓN DE MÉRITOS

A baremo do concurso será o seguinte:

A.3.1) TITULACIÓN UNIVERSITARIA DE PRIMEIRO OU SEGUNDO CICLO:

Consonte o art. 12 da Orde de 17 de decembro de 2019, o/a candidato/a seleccionado/a deberá contar con titulación universitaria de primeiro ou segundo ciclo.

Os candidatos que presenten unha titulación distinta a requerida como requisito de admisión se valorará da seguinte maneira (no se valora o título necesario de admisión), Se considerara de admisión o título habilitante que menor puntuación teña:

a. Titulación universitaria de primeiro ciclo: título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro ou grao:

- a. Graduados en relacións laborais, ciencias do traballo, recursos humanos ou similares: 5 puntos
- b. Licenciado ou Graduado en Dereito: 4,5 puntos
- c. Graduado en Traballo Social: 3 puntos
- d. Outros/as graos/licenciaturas do eido xurídico-social: 2 puntos
- e. Outros/as graos/licenciaturas, enxeñarías... doutros ámbitos científicos: 1 punto

b. Titulación universitaria de segundo ciclo: título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a

- f. Graduados sociais (Diplomatura): 4 puntos
- g. Diplomatura en Traballo Social: 2 puntos
- h. Outras diplomaturas do eido xurídico-social: 1 punto
- i. Outras diplomaturas/enxeñarías técnicas... doutros ámbitos científicos: 0,5 punto

A.3.2) EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 5 puntos)

Por cada mes realizando tarefas técnicas:

- Directamente relacionadas co posto ofertado: Técnicos/as de orientación (orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.): 0,10 puntos por cada mes traballado.

A experiencia profesional deberá acreditarse a través de informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, máis:





Concello de Vilar de Barrio

- Para traballos por conta allea: copia do contrato de traballo ou certificado de empresa en que se acredite a experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO.
- Para traballos por conta propia: copia alta IAE (e actualización) e copia de facturas en que consten os servizos prestados.

II .- AVALIACIÓN DO CURRÍCULO , pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, base 12 da Orde de 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020 (DOG nº14 , de 22 de xaneiro de 2020).

O candidato preseleccionado polo concello de Vilar de Barrio, aquel que obtiese a maior puntuación no proceso de selección do Concello , ten que ser avaliado o seu currículo polo SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DA DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL, de acordo co seguinte baremos:

Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo:	
Requisitos de titulación:	
-Título e licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou grao.	
- Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou grao	
Requisitos de puntuación:	
Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 3,5 puntos.	
Formación específica (máximo 3 puntos)	Puntuación
Máster, cursos en materias relacionadas co posto ofertado	0,15 puntos por cada 30 horas formativas
Experiencia profesional (máximo 4,75 puntos)	Puntuación
A experiencia profesional deberá acreditarse a través de copia do contrato de traballo en que se acredite a experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos. Copia alta IAE (e actualización) e copia de facturas en que consten os servizos prestados.	
Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberán acreditarse mediante certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, se é o	





Concello de Vilar de Barrio

caso, copia das condicións da convocatoria.	
Para cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: Técnicos de orientación: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc..	0,4 puntos por cada mes
Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe)	0,1 puntos por cada mes
Ámbito das TIC (máximo 2 puntos) Os coñecementos acreditaranse mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas. A experiencia deberá acreditarse a través de copia do contrato de traballo en que se acredite experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...). No caso de traballadores autónomos: copia alta IAE actualizada e copia das facturas en que conste a prestación destes servizos. Cando o órgano xestor o considere necesario, poderá solicitar adicionalmente a presentación dos enlaces que permitan o acceso ás publicacións realizadas ou outro tipo de acreditación da experiencia alegada.	
Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe)	Puntuación
Pola titulación universitaria en enxeñería informática, Tecnoloxías da información ou Telecomunicacións	1 punto
Pola titulación oficial de persoa técnica/técnica superior relacionada coa familiar informática e comunicacións	0,5 puntos
Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...) (Máximo 0,6 puntos nesta epígrafe)	0,2 puntos por cada curso
Experiencia (máximo 1,5 puntos nesta epígrafe)	
Experiencia acreditable na publicación ou xestión de espazos web ou perfís en redes sociais relacionadas coa información, orientación e busca de	0,25 puntos por cada seis meses con



Concello de Vilar de Barrio

emprego.	actividade acreditable
Outros méritos (máximo 0,25 puntos)	Puntuación
Celga 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25 puntos
Discapacidade (máximo 1 punto)	Puntuación
Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e a compatibilidade entre a discapacidade e do desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente	1 punto

Este procedemento de baremación carece de vinculación cos procedementos de selección do persoal que realice o concello de Vilar de Barrio, a súa finalidade e verificar ca persoa proposta cumpre cos requisitos mínimos que se consideran imprescindibles para o exercicio da orientación laboral nas entidades beneficiarias da subvención ao abeiro da devandita Orde. SE O CANDIDATO PROPOSTO NON ACADÉ A PUNTUACIÓN MÍNIMA NA AVALIDACIÓN DO SEU CURRÍCULO NON PODERÁ SER CONTRATADO.

Os méritos admisibles e valorables (tanto polo Concello de Vilar de Barrio como polo Servizo de Orientación laboral da Dirección Xeral) serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación da documentación. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

7ª. Cualificación definitiva.

A cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas na fase de PRESELECCIÓN NO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (ENTREVISTA, TITULACIÓN UNIVERSITARIAS E EXPERIENCIA PROFESIONAL)

De producirse empate na puntuación final, empregaranse como criterios de desempate:

- Maior puntuación obtida na experiencia profesional.
- Maior puntuación obtida na formación académica específica
- Maior puntuación obtida na entrevista curricular.

De manterse o empate resolverase por sorteo.

8ª. Resultado de selección.

O Tribunal cualificador publicará o resultado do proceso selectivo no Taboleiro de Edictos do Concello





Concello de Vilar de Barrio

Vilar de Barrio e na páxina web municipal, outorgando un prazo de alegacións de un día hábil.

Rematado dito prazo e resoltas as alegacións, no caso de existiren, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía proposta da persoa candidata para a formalización do contrato, a favor da persoa aspirante posuidora da puntuación máis alta, xunto coa acta da sesión.

Antes de formalizar contrato coa persoa que corresponda pola orde de prelación remitirase unha proposta de preselección á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, achegando o seu currículo, aos efectos de que aquela proceda a examinalo e valoralo segundo o baremo regulado na súa convocatoria de concesión de subvencións e obter o seu visto e prace. Sen este requisito non se poderá formalizar o contrato.

9ª. Listaxe de reserva.

Na acta da última sesión, incluírase unha listaxe das persoas aspirantes que superaran o proceso selectivo, en orde decrecente de puntuación. As persoas que formen parte da mesma, poderán ser chamadas (sempre respectando a orde da listaxe) para cubrir procesos de incapacidade temporal, maternidade, vacacións, permisos ou calquera outra circunstancia, sempre durante o período da presente contratación.

10ª. Presentación de documentación e formalización do contrato.

Antes da realización do contrato a persoa seleccionada deberá acreditar que reúne os requisitos establecidos na base terceira. Noutro caso, salvo caso de forza maior, quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade, e a proposta entenderase realizada a favor do seguinte na relación de suplentes formulada pola Comisión seleccionadora.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía procederá a formalizar o correspondente contrato coa persoa seleccionada. Ata a formalización do contrato, a persoa seleccionada non terá dereito a percepción económica ningunha.

Formulada a proposta polo Tribunal Cualificador e, remitida á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha vez asinada a acta de selección, tras a resolución do órgano competente, procederase á formalización do correspondente contrato laboral, tendo como data máxima de inicio do servizo o 1 de setembro de 2020.

O extracto desta resolución, coa indicación da persoa aspirante seleccionada, será obxecto da publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello. A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable.

11ª. Normas finais.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten, para adoptar acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección e en todo o non previsto nes





Concello de Vilar de Barrio

bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo. Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.

12ª. Recursos.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases na páxina web municipal e no Taboleiro de Edictos do Concello de Vilar de Barrio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante Sr. Alcalde-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia. Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

En Vilar de Barrio, 10 de agosto de 2020, O Alcalde.

